

ELPROGRESO

"Quixen dotar a historia dun final non tan trágico, porque penso que sempre hai unha esperanza"

Ramón González / El Progreso

19/xul./11

O autor Antonio Reigosa (Mondoñedo, 1958) escribiu unha adaptación da lenda sobre a Cidade de Brea e a cova do Rei Cintolo que inspira o espectáculo de luz e son 'O pequeno lume'. Esta actividade abre hoxe o quinto curso internacional de música e musicoterapia de Mondoñedo, que impulsa a Aimpne.

O espectáculo de luz e son 'O pequeno lume' dará comezo, ás 22.30 horas na Praza da Catedral, ó quinto curso internacional de música e musicoterapia organizado pola asociación Aimpne en Mondoñedo. Xunto ó escritor participan do proxecto o compositor Michael P. Mossman, o técnico de luz e son Rafael Moya, o deseñador gráfico Mauro Leivas, a bailarina Mayte Vicens e a banda de música de Lalín.

Unha pregunta habitual é que tipo de espectáculo poderán ver os asistentes, pero vostede será, neste caso, un espectador máis.

Así é, por agora non coñezo o resultado. Para min será unha sorpresa. Eu aportei o meu traballo na orixe do espectáculo, adaptando a lenda da Cidade de Brea e da cova do Rei Cintolo. A partir de aí, os artistas e técnicos participantes farán un esforzo de interpretación dese punto de partida. Sei que son xente de valía e estou convencido de que será moi bonito.

O fío argumental parte da lenda tradicional.

Si. A lenda narra a historia de Brea, unha poboación que sería o antecedente da actual Mondoñedo. A cidade era gobernada polo rei Cintolo, que tiña unha filla de gran beleza chamada Manfada. A rapaza estaba namorada do conde de Hollvrudet e parecían destinados a casar. Sen embargo, o rei Tuba de Oretón, un monarca despiadado, esixiu a man da doncela. Tuba era sabedor da súa inferioridade fronte ó conde, así que artellou un maleficio para sepultar a cidade e tódolos seus habitantes. A lenda di que desde entón, a princesa segue cautiva nalgún lugar da cova.

Este tipo de fábulas reproducen en ocasións unha sensibilidade popular común, teñen rasgos parecidos con outras.

Exactamente. Teñen estruturas internas semellantes que moitas veces se repiten. Neste caso trátase dun tipo de lenda cunha idea ou raíz dun tipo bastante común e espallado, a desaparición por maldición.

A historia ten a súa interpretación persoal?

Unha das cousas que tiña en mente facer era gardar un anaco da representación para tratar de imaxinarme como sería a xente en Brea, recrear ese ambiente. Tamén quería dotar o final, que é trágico, dun carácter máis positivo e esperanzador. Neste caso, de Brea nace Mondoñedo. A partir da desaparición dunha cidade constrúese outra. Parecíame interesante resaltar que con todo o bo e o malo que hai na vida, sempre hai unha esperanza para quen a queira agarrar.

Compoñer unha historia para un espectáculo de luz e son debe ser un reto para un escritor.

Desde logo si para min, que non teño demasiados coñecementos musicais. É certo que esta historia requería algo especial. Cando a repasaba intentaba comprobar que non só poidese ser lida senón tamén escoitada e tocada. Tratei de darlle un espazo e para que os artistas poidesen recrear e contar tamén, coas súas ferramentas, a súa propia visión da lenda.

Tamén debe ser unha alegría e unha responsabilidade, como mindoniense, recibir este tipo de encargos.

Desde logo, síntome moi ilusionado e parte deste proxecto, así que asistirei con moitas ganas. Só agardo que a treboada que asolou Brea cando o bruxo a maldeciu non se repita o martes, que o tempo nos dea unha tregua (risas). Con respecto ó que me comentas, é certo, este tipo de recreacións esixen respecto, supoñen unha responsabilidade. Pero tamén é un pracer poder traballar para xente coñecida e amiga, cómplice, o que tamén fai que te implique se cabe en maior medida.